

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº18 / Ano: 2020 / 1º xornal Mes de novembro/ Estado de ínfimo sentidiño



SOBRE O ESCUDO DE ONS

No ano 2011 PineirÓns organiza un concurso de ideas para sacar adiante un escudo da Illa de Ons. A gañadora foi a rapaza de 11 anos Marta Vidal Patiño.

Nove anos máis tarde, un experto en Heráldica, despois de ver o escudo na páxina de Facebook: xenealoxiasdeons.com, escribe para comentar a posibilidade de oficializar ese escudo.

Aquí traemos a idea por si algún día alguén o quere levar a cabo, dende logo penso, que PineirÓns seguirá co seu Escudo froito do traballo dos seus membros e da rapaza gañadora. **Páx. 1**

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Neste número ao Salgadorio de Suxestións chegan dous apuntes que teñen que ver co Onstopus nº 17. Un sobre o tema dos Cogomelos, aclarando Santi Corral o punto das 130 especies que ten catalogadas.

E outro, con referencia ao contido das Charlas de Taberna, onde un lector achéganos un xeito máis de chamarlle á borracheira escoitado na Illa de Ons. **Páx. 2**

ONS ETNOGRÁFICA

Para este apartado, neste número tráiovos unha historia etnográfica sobre a Illa escrita por Alfredo Conde e publicada na Voz de Galicia no ano 1983 que nos fala dun vello costume que practicaban os homes illáns.

Páx. 2



CONTOS E CHARLAS DE TABERNA

Desta traio a historia que Manolo da Illa conta aos membros do faladoiro, sobre como uns campistas levaron as piraguas que o Campo de Traballo tiña na praia das Dornas no ano 1983 e o que lles contestaron cando as trouxeron de volta. Á vez, outro integrante da conversa, expresa o seu desacordo coa prohibición de que os rapaces do Campamento non poidan andar en bicicleta pola Illa como unha actividade máis

Foto: Actividades na praia. **Páx. 3**

ONS ARQUEOLÓXICA

Fago fincapé neste número na importancia de investigar as pezas arqueolóxicas atopadas en Ons, documentalas ben, buscar aquelas que están en paradoiro descoñecido,..., para inventarialas e dalas a coñecer co fin de poñelas en valor e que os illáns aprecien o que os seus antepasados deixáronlles. **Páx. 4**



ONS: APARICIÓN DUN PROXECTIL

No mes de marzo de 2018 atopan un proxectil, segundo din, da Guerra Civil Española ao realizar unhas obras nunha casa illán. Chama a atención algunha especulación que se fixo deste achado, como a que traio aquí sobre o papel de Ons durante esa contenda. **Páx. 5**

Foto oficial da Garda Civil para a prensa.



ONS NA MEMORIA

Expoño unha foto de Area dos Cans con acampada libre. **Páx. 3**

SOBRE O ESCUDO DA ILLA DE ONS

No ano 2011 a Asociación Cultural PineirÓns convocou un concurso para sacar adiante unha teima que levaba varios bulíndolles na cabeza: que a Illa de Ons tivera un Escudo, unha Bandeira e un Himno, aínda que fosen de xeito oficioso.

Puxéronse ao traballo e, despois de dar a coñecer a idea polos medios, con envío de e-mails e con carteis explicativos, a convocatoria resultou todo un éxito, recibindo un bo número de debuxos.

Durante os meses de maio, xuño e xullo, levouse a cabo a recollida de deseños. A mediados de xullo reuniuse o xurado que estaba composto por membros de PineirÓns, un membro por cada restaurante illán, tamén un representante por cada asociación de veciños illán, un de Parques, así como varios visitantes asiduos de Ons, foi invitado tamén o fareiro que estaba nesa quincena de garda, pero non acudiu o día da xuntanza.

O xurado inclinouse, case por unanimidade, polo debuxo de Marta Vidal Patiño, quedando nun segundo posto o de Antonio Escudero.

Ons xa tiña o seu escudo, oficioso ou extraoficial.

Pero, cando os membros de PineirÓns están a preparar o concurso para elixir a Bandeira de Ons, un amigo que está metido en Facebook, infórmalles que o grupo xenealoxiasdeons.com, sacara en decembro de 2019 o tema do Escudo de Ons e que, posteriormente, supoñemos que un experto en Heráldica, contesta dando a súa suxestión sobre o escudo realizado e como se podería oficializar, enviando un bosquejo aclaratorio sobre el.

Aquí deixo o escrito por esa persoa:

<http://xenealoxiasdeons.blogspot.com/>

Como oficializar el escudo de la Isla de Ons

Hemos hablado en una entrada anterior del escudo de la Isla de Ons. El escudo es muy bonito, captura los elementos característicos de la Isla y puede utilizarse en forma no oficial. Sin embargo no cumple con las normas de la heráldica municipal gallega, en su estado actual el diseño no sería aprobado por la Xunta. Estos son algunos problemas técnicos a subsanar:

1º.- El casco y los lambrequines corresponden a la heráldica de las familias, pero nunca a la heráldica municipal.

2º.- La heráldica municipal gallega lleva siempre como timbre la corona real.

3º.- La bandera gallega como fondo del escudo no puede blasonarse ya que el escudo se entiende como cuatro cuarteles y no como un solo elemento.

4º.- El diseño de colores no respeta la regla de esmaltes sobre metales, fundamentalmente de la ciencia heráldica.

Propongo este escudo que respeta el espíritu del diseño original y los elementos elegidos por la joven autora; pero también cumple con las leyes de la ciencia heráldica y la normativa de la heráldica municipal de la Xunta de Galicia.

El escudo deberá blasonarse en estos términos:

Cuartelado; 1º, en campo de azur, un pulpo al natural; 2º, en campo de plata, una gaviota de sable con alas de plata picada y lampasada de oro; 3º, en campo de plata, un faro de piedra aclarado de sable; 4º, en campo de azur, siete percebes de plata. Bordura de sable cargada de ocho veneras de oro. Al timbre, corona real cerrada.

Remata dicindo:

Soy miembro de la "Asociación de Genealogía y Heraldica de Galicia", que asesora a la Xunta en temas de escudos municipales y si existe interés por parte de los vecinos se podría iniciar el proceso para oficializar el escudo.



Escudo ganador realizado por Marta Vidal Patiño no concurso de ideas realizado no ano 2011.



Idea que propón o especialista en Heráldica, loxicamente cos debuxos de Marta, para facelo oficial.

19-2-83

Ir ás canas na illa

Por ALFREDO CONDE

Son tres millas, e algo máis, que de lonxe semellan dondas, doces, acaso algo tristesiras, amparadas nun verde, fraternal e atlántico, que Brath houbera amado e que a nós, dende calquera solpor na Lanzada, nos atraen e someten coma un soño.

Son tres millas, acaso catro, dunha longura morna de muller deitada, na que habitaron xentes rubias, erguitas coma cons e coma cons soberbias, silentes coma o vento cando marcha, donas do mar e do mar esclavas.

Son catro millas, acaso máis, acaso menos, ¿quén o sabe?, que se continúan na irmán pequena, a orfa de xentes; catro millas que se esvaen ou medran, según lles dea o sol ou nelas ince o neboeiro, según vaías ou según veñas, según sexa a luz ou a cor da tarde, según quen sexas ti nese día ou no do intre, abraiado e mudo, da súa contemplación.

E un soño que agromou no mar, a illa de Ons.

Os da Illa

Vivían alí xentes, que xa dixeran rubias e silentes e que nas lonxas da ría eran chamados os da Illa. Cando a elas chegaban, endogámicos e altivos, causaban un silencio non resumible nas palabras, debido acaso ás gudedellas de lume que os nimbaban, acaso a un medo escuro e vello, tamén a un ritmo distinto de andares e de acenos, que era de seu e irrepertible.

Viviron alí longos tempos de soidade. Sobreviviron alí ó mar e máis ó tempo, sobrevivíronse a eles mesmos. Sabíanse únicos e inimitables, interdependentes na súa supervivencia, eles, tan pouquiños. Decíanse deles moitas cousas. Eu sei de dúas. Eiquí quedan.

Nacían sós, vivían sós e sós morrían. Eran fillos do mar. Hai trinta anos, cando puideron motorizar os barcos e os partos se anunciaban con problemas, traían ás nais á parir a Pontevedra. O chegar cabo da illa de Tambo, aquela das outras Soledades da que falou Gongora, e acaso inducidos polo arrecender a lar que, pra eles, ten que ser o da terra pousada sobre a auga, cumpríanse os décimos ciclos luars e nacían os nenos, agachados, protexidos as nais entre as bancadas. Arribaban ás Corbaeiras, amosaban o neno e daban volta, cara ó mar que os agardaba, alá na boca da ría. Na Illa.

Sabio e xusto

Tamén sobrevivían sós. Pechados na endogamia, no oceánico silencio que os contiña, sabíanse precarios, continxentes, e non arriaron nunca nin unha sóa vela: Chegado o intre dos ciúmes, das liortas ou dos pleitos, de medir as forzas entre homes, facíanos sen se mancar; sen desaproveitar vidas e intelixencias, coma nun baile máxico que a alguén pudiera promoverlle o sorriso escéptico de rebique de beizo revirado, tan propio do caso, e logo de ter atopado un canaval, os da illa, batíanse coas canas, derramandoas a duceas sobor dos lombos, dándose con forza, sen solución de continuidade.

Non sei nin cómo, nin cando remataba a loita; tampoco quén era o gañador. Sei que non había feridos e que, logo, bogaban con máis forza nas dornas ancestrais con nome de rapazas, que os traían e levaban polo mar que os coutaba e mantiña. Sei, tamén, que á tal acción chamabanlle «o ir ás canas» e que o proceder resultou ser sabio e xusto, prudente e ecolóxico, viril e tenro, amical e propio de xente baril e rexa: ninguén puxo endexa-las límite ó número de horas ou á cantidade de canas a estragar.

Sei tamén que era un xeito ben civilizado de proceder, certamente alonxado daquel outro dos que propoñen e agardan a que «las cañas se tornen lanzas» neste pequeno, doce e tenro país noso, tan aillado.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Neste número o Salgadoiro ten dúas suxestións que teñen que ver co Onstopus nº 17.

A primeira vai sobre a páxina dos **Cogomelos**. No pequeno comentario que acompañaba ás fotografías de Maqui, daba a entender que a nova especie atopada por Jaime Blanco, Clitocybe aunosiana, entraba nas 130 especies que o membro fundador da Agrupación Micolóxica Liboreiro de Bueu, Santi Corral, tiña catalogadas no ano 2010 na Illa de Ons. Santi fainos saber que: *“Esa especie non entraba dentro do meu Catálogo de Especies de Ons no 2010, e que aínda se dubida da súa veracidade”*.

A segunda vai referida aos **Contos de Taberna**, que no anterior número referíase aos distintos nomes que se escoitaron en Ons sobre a **borracheira**. Un lector cóntanos:

“Se poderían atopar centos de xeitos de chamarlle a estar bébedo, pero entre as que puidemos oír en Ons ao longo do tempo, hai a dun visitante que, despois de estar axustando ladrillos (xogar ao dominó) na mesa da partida un día que lle deixaron participar porque faltaba un punto; cando remataron, e chegou o intre da papadela acompañada cun ou varios magnun de Ríoja, el non se quedou atrás e, aínda logo, non dixo que non en ir cos illáns a visitar as dúas capelas seguintes. Como non era unha persoa acostuma a beber, cando decidiron ir para casa, ía daquela maneira.

Cando á noite achegouse de novo a Curro, os demais que compartiran con el a procesión das capelas, preguntáronlle:

- Home Manuel, como estaba o mar cando marchaches á mañá?
- De maneira a forte maneira, respondeu el.



ONS ETNOGRÁFICA

Aquí vos deixo un fermoso artigo de Alfredo Conde publicado na Voz de Galicia en febreiro do ano 1983, sobre a Illa de Ons, onde, despois de dar un paseo pola Illa, cóntanos a historia, pura etnografía, do costume de “Ir ás canas na Illa”.

Canto Patrimonio Inmaterial sen estudar nesta Illa.!!!

CONTOS E CHARLAS DE TABERNA

Aquela mañá fóra diferente, non houbo partida. Había unha boa marea. O día anterior, Arturo fora aos mexillóns á batea de Chin e estaban cheísimos, o que provocou que ás 12, que viña de novo a marea baixa, todos foran a eles, aínda que, á 1, xa estaban de volta na taberna dispostos a mandarlle un magnun cunha boa caldeirada de mexillóns ao vapor.

Mentres manducaban, xurdiu a conversa sobre os Campamentos e Campos de Traballo de Ons, debido a que os rapaces estaban na praia de Area dos Cans navegando coas piraguas. Antonio comentou:

“- Antes andaban nas bicicletas e agora as mandaron retirar”.

Luís afirmou: *“- Iso é cousa de Parques, o ano pasado caeron moitos rapaces e mancáronse, e todo porque os camiños están feitos un desastre. Como non queren arranxalos e para que non haxa protestas, en vez de buscarlle unha solución axeitada, prohibiron as bicicletas.”*

Seguiron os comentarios, ata que Manolo da Illa contou o sucedido coas piraguas do Campo de Traballo, alá polo ano 1983, canto estes ocupaban as antigas escolas:

“ Estaba de xefe de Campo Telesforo e de encargado de actividades Antón Castro, que era licenciado en Historia. Aquel ano trouxeron unhas piraguas coñecidas como <sanmiguel> para que os mozos, nas horas libres, puideran navegar pola costa leste da Illa xa que eran moi seguras. Deixábanas na praia das Dornas, na parte alta, onde non chegaba o mar.

Ese ano coincidiu coa chegada a Ons dun bo número de campistas que, antes da declaración de Parque Natural acampaban en Cíes e que non quixeron adaptarse á normativa de acampar no cámping. Como en Ons non estaba regulado, tomaron a zona de Melide como a súa particular reserva de acampada.

Un día, cando os rapaces do Campo, despois dos seus labores, foron a coller as piraguas para pasar un rato navegando, atopáronse que faltaban tres delas. Deseguido, Telesforo e Antón, organizaron a súa busca, preguntando aos mariñeiros na de Checho se viran a alguén navegando nesas piraguas. Contestáronlle que si, que as viran preto de Melide, pero que non se preocuparan, que cando saíran a facer o próximo lance, achegábanse ata alí e xa lles dicían. E, así foi, alá sobre as dúas veñen as tres piraguas cos seus conseguíntes “piragüístas” a devolvelas.

Ao chegar xa os estaban esperando Telesforo e Antón, que eran dous corpulentos homes, xunto con varios mariñeiros illáns aos que tamén lles andiveran nos bicheiros que deixaban colocados en vertical sobre o monte onde agora se atopa a caseta de información.


Pedíronlles explicacións, á vez que contiveron aos illáns que xa ían a armala con eles, preguntándolles como se lles ocorrera coller as piraguas, ao que eles contestaron: - Mirámolas aí na praia, pensamos que as trouxera a marea e collémolas para non ir andando a Melide.

Menos mal que estaban os encargados do Campo de Traballo e tranquilizaron a cousa, senón cos illáns ía a haber lume de estaca, carallo!!!



Foto de arriba: Rapaces do Campamento de Ons realizando unha volta á Illa en bicicleta, dentro das súas actividades.

Foto de abaixo: Ao igual que estas, estaban as piraguas do Campo de Traballo na praia das Dornas no ano 1983 cando os campistas as atoparon “traídas pola marea”.



ONS NA MEMORIA

Aquí traémovos unha foto da praia de Area dos Cans do ano 1978, na súa parte norte onde hoxe está a pasarela de madeira, cando aínda se podía acampar libremente pola Illa, tendo en conta que, nas fincas, había que pedir permiso ao seu dono senón querías ter problemas.

A acampada libre rematou no ano 1984, cando a Consellería de Agricultura sacou unha normativa pola cal as únicas zonas de acampada na Illa quedaban reducidas a Melide e ao piñeiral de Chan da Pólvora.

Esa normativa non foi levada a cabo como debería ser e, dez anos máis tarde, 1995, suprimiron a zona de Melide.



Foto de arriba: Machado de talón atopado na Illa e que se encontra no Museo de Pontevedra.

Foto de abaixo: Escavacións furtivas realizadas no cumio do Castro dos Mouros.

ONS ARQUEOLÓXICA

Despois de tocado en anteriores números o máis salientable da arqueoloxía illán coñecida e que necesita de profundo estudo, imos ver agora o atopado a través dos anos, que coñecemos nós, e que tamén necesita unha busca destas pezas, investigalas por especialistas, inventarialas e expoñelas para que todos saibamos da arqueoloxía e da prehistoria desta Illa. Recordar: <Só se protexerá aquilo que se coñece>, se negamos esa máxima e só as poñemos en mans de especialistas e despois gardámolo nos sotos dos museos, a ignorancia fará que o importante se descoñeza e, coa ignorancia, veña a súa perda ou destrución.

Seguindo o Catálogo de Achados Arqueolóxicos de Ons feito por Filgueira e García Alén, vemos que citan, da época Paleolítica: Un *raspador* de gneis, outro de cuarcita gris, unha peza trapezoidal de granito tallado, machados de pedra,..., estas pezas poñen como referencia a D. Enrique Massó, atopados polos anos 60 s.XX e, citan ao Museo Massó, supoño que como depositario.

Sobre a Idade do Bronce: falan de dous Machados de Talón, din que se conservan no Museo de Pontevedra cos números 2811 e 2823, pero, que saibamos, alí só hai depositado un. Sobre estes machados falou tamén D. Luís Monteagudo.

Falan tamén dunha explotación prehistórica e moderna de estaño, tamén con bibliografía de Luís Monteagudo, pero é a única referencia que temos, e que non foi desmentida por ninguén.

Da etapa castrexa: citan a aparición nas súas proximidades de moedas romanas de bronce imperiais, así como cachos de ánfora, cerámica negra, asas de vasillas, tégulas,... pero descoñecemos onde están depositadas, nin vimos referencia fotográfica delas.

Tamén, nos anos 70, estando eu na Illa, varios rapaces da miña idade, recordo que atoparan diferente material preto do Castro dos Mouros en Canexol. Sei que eran de Marín e tamén teño na miña memoria ver esas pezas expostas na Biblioteca de Marín nun andel, cando aínda estaban a preparala para a súa apertura ao público. Eses rapaces daquela, hoxe terán a miña idade, 63 anos, e poida que se acorden do tema á vez que os responsables da Biblioteca saiban se están gardadas nalgún lugar apartado dese Museo.

Coido que sería interesante poñerse en contacto tanto co Museo Massó de Bueu como coa Biblioteca de Marín, para saber algo máis sobre eses materiais e, se están, catalogalos, investigalos e, a ser posible, expoñelos para ir coñecendo algo máis da prehistoria da Illa de Ons.

Bueu

Los carnavales. — Resultaron muy animados este año los carnavales, por el número de máscaras y comparsas que nos visitaron.

El popular Manduca, con su chispeante gracia, glosó en coplas regularmente rimadas, los pequeños sucesos ocurridos en la villa durante el año, no olvidándose por supuesto de pedir al municipio la instalación del reloj.

Párrafo aparte merece la visita del orfeón de la Isla de Ons, dirigido por el culto maestro nacional D. Joaquín Fernández Cambeiro.

Esta masa coral cantó con admirable gusto y afinación varios números. La "Alborada", de Velga, fué una de las obras que nos dejaron entusiasmados por su ejecución irreprochable.

También el Sr. Cambeiro demostró sus cualidades de cantante interpretando varios solos con la maestría de un virtuoso de este arte.

Muy de veras felicitamos al distinguido amigo D. Joaquín F. Cambeiro, que ha conseguido un rotundo éxito con el orfeón que dirige, no obstante el corto tiempo de los ensayos, y le alentamos para que prosiga en su labor y nos obsequie más a menudo con programas como el del domingo, que dejaron tan grato sabor en esta villa.

EL PUEBLO GALLEGO

Interesante noticia deste xornal saída o 22 de febreiro de 1928 co tino da celebración do Entroido en Bueu.

Alí presentouse o mestre D. Joaquín F. Cambeiro cos rapaces e adultos da Illa de Ons cos que formara un Orfeón, para participar en dita festa.

Para saber máis sobre este fantástico mestre, as actividades que realizou cos seus alumnos e a súa preocupación pola problemática social da Illa, mirar o artigo de Arturo Sánchez Cidrás na revista AUNIOS nº 20, co título: "A escola da Illa de Ons. Apuntes da biografía do mestre Joaquín D. Fernández Cambeiro", así coñeceredes máis de preto o labor que este mestre fixo na Illa de Ons, nada menos que nos anos que van do 1927 ao 1933, vivindo coa súa familia na Illa e compartindo con veciños os seus sufrimentos e as súas alegrías.

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/indice.htm>



CORO INFANTIL DE LA ISLA DE ONS 1.931

O mestre da illa de Ons, Joaquín Fernández Cambeiro, desde o ano 1928 - 1931 dirixiu un coro con case que tódolos seus alumnos. Así na revista Vida Gallega aparece a fotografía anterior co seguinte pé de foto: "Illas de Ons.- Don Joaquín Fernández Cambeiro, entusiasta mestre nacional daquelas illas, que desde fai tres anos, polo antroido, trae ós pobos da costa unha masa coral que a forza de paciencia organizou cos nenos da súa escola, que nestas excursións adquiren o roce social que non se pode lograr naquelas soedades"



HISTORIADEGALICIA.GAL

Ábrense novas incógnitas sobre o papel da illa de Ons na Guerra Civil | Historia de Galicia

ASI PON A NOTICIA:

PROXECTIL GUERRA CIVIL



POR REDACCIÓN · 2 MAR, 2018

O descubrimento dun proxectil de gran calibre da Guerra Civil na illa de Ons abriu novos interrogantes sobre o papel que tivo este territorio durante o conflito. Ata o de agora, non se tiña constancia de actividade bélica nesta zona pero o atopado no soto dunha vivenda abre novas incógnitas.

*Ao comezo da Guerra Civil, o dono da illa era **Didio Riobó**, que foi buscado e perseguido polas súas fondas ideas republicanas. De feito, e a causa desta presión política, o burgués –cuxa familia adquire a illa en 1929 e impulsara unha gran actividade pesqueira– decidiu suicidarse na propia illa. Os **habitantes de Ons**, que o protexeran, quedaron entón nunha **situación de abandono**, temendo polas súas propiedades, como así aconteceu en 1940 que o ditador Franco, a través do Ministerio da Guerra decidiu expropiar a illa.*

*Por iso, o feito de atopar un proxectil destas características podería reabrir novas investigacións. Foron especialistas do **Servizo de Desactivación de Artefactos Explosivos (Tedax) da Guardia Civil** da Comandancia de Pontevedra os que recuperaron a bmba de uso militar da Guerra Civil española, no soto dunha vivenda en Ons. Segundo informou o Instituto Armado, un particular avisou que atopara o artefacto cando ía realizar labores de remodelación dunha vivenda, polo que se activou o protocolo de actuación dos Tedax con apoio do servizo marítimo.*

Así, a pesar das malas condicións meteorolóxicas para a navegación, os efectivos desprazáronse á illa e, coas medidas de seguridade e protección correspondentes, retiraron e neutralizaron o proxectil. Trátase dun proxectil de artillaría de calibre 88 milímetros.

Hoxe luns 26, cando xa tiña rematado o Onstopus desta quincena, un compañeiro que está metido no Facebook, mándame esta historia alí aparecida este fin de semana, que supoño é copia da saída na prensa a principios do ano 2018, cando, uns obreiros, realizando unhas obras nunha das casas de Ons, atoparon soterrado un proxectil que foi datado da Guerra Civil.

Non me sorprende, xa que coñecía de sobra a noticia que seguíu no seu momento, o que si me chamou a atención é o comezo da nova, cando di: “Ábrense novas incógnitas sobre o papel da Illa de Ons na Guerra Civil”.

Ten un pouco de razón a nova, pero máis ben rematada a Guerra Civil, pois penso que non ten nada que ver o achado deste proxectil co razóns bélicas realizadas na Illa ou preto dela, e si, que puido ser debido a varias razóns das que espero abrir algunha ventá nos próximos números das revistas AUNIOS ou dos Galos este ano que vén, sobre prácticas de tiro, afundimento dalgún barco,..., ou ata un posible novo intento de montaxe dunha Batería de Costa na Illa.

UNHA IDEA SOBRE O PROXECTIL

Apoio totalmente, pois esa a idea da Asociación que presido PineirÓns, que haxa unha maior investigación sobre temas histórico-etnográficos sobre a Illa de Ons, para resolver temáticas tan interesantes como a aparición deste proxectil e o protagonismo que puido ter a Illa durante a contenda fraticida española e as súas consecuencias posteriores.

En Ons houbo varios naufraxios, como exemplo máis claro foi o do patrulleiro francés Barsac, que contiñan armamento que logo quedou ciscado polas proximidades do afundimento e algún recollido polos veciños e gardado nas súas casas.

Durante a Guerra Civil, en Galicia non houbo episodios bélicos, o que si, durante e posteriormente, houbo unha necesidade de defensa e creáronse en toda a costa galega Baterías de Costa, que non chegaron a entrar en guerra pero si realizaron un mundo de prácticas de tiro, quedando moitos obuses, explotados e sen explotar, no mar. Estes proxectís puideron ser recollidos, cando se andaba ao arrastre, e gardados nas casas?